

Bases para a concesión de dúas (2) Bolsas para Proxectos Fin de Carreira en Software Libre promovidas pola *Asociación GHANDALF* ao abeiro do Convenio coa *Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia*

A Asociación GHANDALF (GHandalf ANaliza Difunde e ALenta o FLOSS), ao abeiro do Convenio 2010 entre as *Asociacións Galegas de Usuarios de Software Libre* e maila *Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia*, inicia o proceso de concesión de Bolsas a estudantes universitarios de disciplinas técnicas relacionadas co Software (Enxeñería Informática, Telecomunicacións, Industriais e relacionados) para que o Proxecto Fin de Carreira (PFC) que leven a cabo desenvolva sistemas/aplicacións ou aporte valor técnico no ecosistema do Software Libre.

A intención desta actividade é darlle apoio e orientación técnica a estudantes para que o Proxecto Fin de Carreira que desenvolvan estea imbuído pola filosofía do Software Libre, e ao mesmo tempo poida aportar o seu gran de area no enriquecemento do ecosistema galego do Software Libre.

1. Estruturação da Bolsa

A concesión da bolsa a un estudante implica a concesión dunha suma económica de 200 €, e a maiores da faceta económica tamén conleva unha faceta de apoio e titoración por parte de membros de Ghandalf.

Asociados a estes beneficios tamén existen unha serie de dereitos e obrigas por parte dos candidatos seleccionados, estando a propia selección suxeita a un procedemento. Nos seguintes puntos, débullanse estes puntos para definir o marco exacto da presente convocatoria.

2. Dereitos dos beneficiarios

O beneficiarios das bolsas van contar con seguintes dereitos:

- Percepción dunha suma económica de 200 € en forma de bolsa
- Obtención de titorización por parte de cando menos un socio de Ghandalf, tendo esta titoración o obxectivo de resolver as súas dúbidas respecto do Software Libre en xeral, e do traballo en comunidade, licenciamento, propiedade intelectual etc en particular
- Transferencia de coñecemento e adestramento no uso das ferramentas habituais nun proxecto de Software Libre (roldas de correo, *bugtrackers*, sistemas de control de versións, etc)
- Modalidade deste acompañamento: tanto presencial (segundo dispoñibilidade do bolseiro e do titor) como remoto (mediante unha rolda de correo ou similar destinada a este fin)

3. Obrigas dos beneficiarios

A concesión das bolsas vai estar suxeita á observación e cumprimento das seguintes obrigas por parte dos beneficiarios:

- O alumno debe licenciar o PFC con algunha licenza libre de entre as recoñecidas pola Free Software Foundation ou a Open Source Initiative, e dar os pasos para xerar comunidade arredor do proxecto.

- Debe levarse a cabo a publicación do código fonte e documentación do proxecto, preferiblemente na Forxa de Mancomún, por ser o Repositorio de Software Libre de Galicia.
- Cumprir calquera outra obriga que lle afecte por vir marcada pola Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia, dentro do desenvolvemento do convenio dende o que se financia esta actividade.
- O alumno comprométese a participar en algunha das actividades de difusión do Software Libre organizadas pola asociación. O obxectivo será dar a coñecer o seu proxecto, así como as implicacións que o seguir un modelo de desenvolvemento libre tivo, ou ten, no mesmo. Este compromiso estará suxeito á dispoñibilidade do alumno xa que se entende que esta se pode ver afectada trala presentación do PFC e consecuente inserción no mundo laboral.

4. Requisitos

Os candidatos a participar no proceso de selección para a concesión de bolsas ao desenvolvemento de PFCs con Software Libre deben cumprir os seguintes requisitos:

- Declaración responsable de que entenden e van cumprir as obrigas presentes na actual convocatoria
- Contar con consentimento para participar neste proceso por parte do titor do seu PFC, dado que o mesmo conta con parte da Propiedade Intelectual do Proxecto
- Estar en condicións de presentar o PFC durante o ano 2010, e presentalo durante o devandito ano.

5. Procedemento de Concesión

A selección dos candidatos para a obtención dos 2 bolseiros finais vai seguir o presente procedemento:

- Dende a publicación do presente anuncio na Web da Asociación GHANDALF ata o 15 de xuño (inclusive) recibiranse as candidaturas á concesión das bolsas.
- Calquera estudante que cumpra os requisitos e estea interesado en percibir a bolsa, debe enviar a súa candidatura ao enderezo de correo-e secretaria@ghandalf.org no prazo especificado no punto anterior.
- No correo anterior debe identificarse univocamente ao estudante, e debe aportase toda a información e documentación que se considere útil para definir o PFC e máis o seu ámbito de aplicación e interese, de cara a que a Comisión de Valoración poida facer valoración e posterior selección.
- Entre o 16 e o 22 de xuño, a Comisión de Valoración levará a cabo a selección dos candidatos finais elixidos, en base á información e documentación aportada por todos os candidatos, e en base ao interese do PFC.
- O 23 de xuño notificaráselle a concesión da bolsa aos candidatos finalmente elixidos, e dará comezo o proceso de titorización.
- A Comisión valorará moi positivamente o compromiso por parte do candidato a que tanto a redacción da memoria do PFC como a Presentación do mesmo se faga en lingua galega.
- Os prazos anteriores poden verse alterados en función do número de candidaturas recibidas.